



## Envases alimentarios sostibles: Ecodeseño, marco legislativo e papel dos SCRAPS



12 de setembro



9.30 horas



Edificio FEUGA (Santiago de Compostela)

O Clúster Alimentario de Galicia organiza este encontro empresarial para dar a coñecer entre o sector alimentario o novo marco legislativo en materia de envases de produtos alimentarios e as obrigas que implica; as ferramentas de ecodeseño que poden apoiar a redución do impacto ambiental dos envases; e os diferentes Sistemas Colectivos de Responsabilidade Ampliada do Produtor (SCRAPS).

Esta xornada brindará unha plataforma para o intercambio de coñecementos e experiencias entre expertos e empresas do sector, fomentando a colaboración e a innovación na busca de solucións sostibles. Así, permitirá ás empresas adaptar as súas estratexias ás normativas actuais e mellorar a súa eficiencia ambiental.

Adicionalmente, as empresas alimentarias asistentes a este encontro terán a posibilidade de axendar reunións individuais coas entidades SCRAPS que participan na xornada, favorecendo o networking entre as persoas asistentes.

Para participar nesta xornada empresarial, que é de balde, é preciso rexistrarse antes do 11 de setembro ás 14.00 horas a través da ligazón que aparece a continuación.

### Máis información

✉ [circular@clusaga.org](mailto:circular@clusaga.org)

📞 682 616 021

**FORMULARIO DE INSCRICIÓN**

### PROGRAMA

09.30	<b>Benvida</b> Juanjo De la Cerda   CEO de Clusaga
09.40	<b>Principais obrigas e retos do actual marco legislativo relacionado cos envases alimentarios</b> Juan José Pernas   Universidade da Coruña
10.00	<b>Ecodeseño de envases: ferramentas de impacto ambiental para envases alimentarios</b> Carles Gasol   Inèdit
10.20	<b>Encontro con SCRAPS que poden prestar apoio cos envases domésticos</b> Virginia Moreno   Ecoembes Sandra Anguiano   Ecovidrio Esther Colino   Procircular
11:05	<b>Pausa café</b>
11:45	<b>Encontro con SCRAPS que poden prestar apoio cos envases comerciais ou industriais</b> Pilar Arrayás   Cartón Circular Laura Sanz de Siria   Implica Isabel Goyena   ENVALORA Enrique Pla   Punto Greta
12:45	<b>Clausura da xornada e rolda de reunións cos SCRAPS participantes</b>